



Acordo de 16 de xullo de 2025, de Consello de Goberno, polo que se aproba a Modificación da Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais, aprobada polo Consello de Goberno de 29/09/2011 e modificada polo Consello de Goberno de 20/07/2017

Logo de ser aprobada a modificación do plan de estudos conducente ao título universitario oficial de Graduado ou Graduada en Turismo pola Universidade da Coruña, e toda vez que esta modificación afecta a tres das materias que compoñen o Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais, que figuran nos Anexos I e II da Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais aprobada polo Consello de Goberno de 29/09/2011 e modificada polo Consello de Goberno de 20/07/2017, procede actualizar esta Normativa específica, coas seguintes modificacións:

1. Modificación da denominación das materias “Idioma Moderno: Inglés, Primeiro Idioma Moderno I: Inglés e Primeiro Idioma Moderno II: Inglés”

A materia “Idioma Moderno: Inglés” pasa a denominarse “Primeiro Idioma Moderno I: Inglés”, a materia “Primeiro Idioma Moderno I: Inglés,” pasa a denominarse “Primeiro Idioma Moderno II: Inglés” e a materia “Primeiro Idioma Moderno II: Inglés” pasa a denominarse “Primeiro Idioma Moderno III: Inglés” en todas as táboas dos Anexos I, e II nas que figura.

2. Tipo de materia.

Na táboa do Anexo I: Estrutura do Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais, a materia “Informática de Xestión e do Coñecemento” que era de formación básica (B) pasa a ser obrigatoria (O), e a materia “Introdución ao Turismo” que era obrigatoria (O) pasa a ser de formación básica (FB).

3. Códigos.

Na columna “Código” das táboas de todos os anexos, se substitúe o código actual polo seu código correspondente na nova plataforma de xestión académica SIGMA.

4. Modificación das disposicións finais

A Disposición final primeira substitúese pola Disposición adicional segunda. Oferta e continuidade do Programa de Simultaneidade.

A Disposición final segunda substitúese pola Disposición final primeira. Habilitación.



A Disposición final terceira substitúese pola Disposición adicional primeira. Normativa supletoria.

A Disposición final cuarta substitúese pola Disposición final segunda. Entrada en vigor. Engádese a Disposición Transitoria. Extinción do programa anterior.

Por iso, o Consello de Goberno ACORDA:

- 1) Modificar a Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais, aprobada polo Consello de Goberno de 29/09/2011 e modificada polo Consello de Goberno de 20/07/2017, de acordo cos cambios indicados nos parágrafos anteriores.
- 2) Habilitar á persoa titular da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para elaborar un texto consolidado e ordenar a súa publicación no TEO, que terá efectos dende o día seguinte á dita publicación.

O reitor